

A D.O. Ribeira Sacra na Feira L de Lugo, o 24 e 25 de setembro

O **24 e 25 de setembro** a D.O. Ribeira Sacra participa na 3ª edición de **L de Lugo**, Festa das Distribuidoras Lucenses e Feira Gastronómica Galega, que se celebra no **Pazo de Feiras e Congresos de Lugo**, en **horario de 12:00 a 21:00** horas.

L de Lugo é escaparate da riqueza culinaria da provincia e un dos eventos gastronómicos máis importante do noroeste peninsular, que reivindica tamén o potencial turístico. Así durante dous días contarase cos mellores cociñeiros, os produtores máis destacados, denominacións de orixe, identidades xeográficas protexidas e as principais marcas do sector, entre as que non podía faltar o única D.O. vitícola da provincia.

A D.O. Ribeira Sacra terá un espazo propio con **Túnel do Viño**, guiado pola **sumiller, Mercedes González Rodríguez**, onde se poderán degustar máis de 40 marcas das seguintes adegas (as primeiras catro adegas, terán ademais na Feira, stand propio):

- Alouviño
 - Tomás Arias – Proencia
 - Pilares de Belesar - Asolagados
 - Val de Quiroga
-
- Adegas Moure
 - Rectoral de Amandi
 - Val do Frade
 - Condado de Sequeiras
 - Don Bernardino
 - Galanteiro
 - Sabainzas
 - Alma das Donas
 - Estrela
 - Vía Romana
 - Viña Frieira
 - EDV